

RELEV@2

MOCIDADE ABORDO

PROGRAMA DE CONTIDOS

O proxecto está dividido en tres bloques temáticos, cada un dos cales terá a duración dun trimestre.

Valorizar todos os tramos do proceso da pesca, marisqueo e acuicultura, promover unha nova cultura medioambiental e entender o turismo como unha actividade máis, pero non a única, vai posibilitar que os mozos e mozas poidan diversificar en función da súa creatividade, formación académica e sobre todo espírito emprendedor e poidan xerar novas e modernas actividades económicas en cada territorio.

Os tres bloques de contidos son:

- PESCA E ACUICULTURA (corresponderase co primeiro trimestre)

- COMERCIALIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN (corresponderase co segundo trimestre)

- TURISMO E DEPORTES NÁUTICOS (corresponderase co terceiro trimestre)

As sesións terán unha duración de aproximadamente 50 minutos, para adaptarse as propias sesións dos centros educativos. O enfoque e metodoloxía que se levará a cabo será a través de conversacións entre o equipo de docentes e os profesionais do sector pesqueiro e o alumnado, onde o propio alumnado poida expresar as súas inquedanzas para que resulten totalmente prácticas e o máis produtivas posible.

De xeito transversal, en todas as sesións haberá uns conceptos que sempre estarán presentes, como son a sustentabilidade e os modelos de crecementsos sostible, baseados nas políticas europeas e na Axenda 2030 de Crecemento Sostible.



RELEV@2

MOCIDADE ABORDO

É de destacar que a Asamblea xeral das Nacións Unidas declarou o ano 2022 como o ano Interacional da Pesca e Acuicultura artesanais (AIPAA 2022). O AIPAA 2022 é un recoñecemento para os millóns de pequenos pescadores/as, acuicultores/as e traballadores/as en xeral, que proporcionan alimentos sans e nutritivos dun xeito artesanal e sostible.

Asímesmo, estarán sempre presentes as políticas de igualdade de xénero. Todas as actividades contempladas e os contidos que se aborden irán destinados a mulleres e homes sen ningún tipo de diferenza ao igual que as saídas profesionais das que se lles fale nas sesións e durante as visitas.

As sesións serán as seguintes:

- PESCA E ACUICULTURA (primeiro trimestre)

- 1ª SESIÓN: SECTOR PRIMARIO. Coñecemento do sector ata a chegada á lonxa do produto.

- 2ª SESIÓN: OFICIOS E TRABALLOS.

- 3ª SESIÓN: FORMACIÓN E SAÍDAS PROFESIONAIS EN PESCA E ACUICULTURA.

- COMERCIALIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN (segundo trimestre)

- 1ª SESIÓN: TRANSFORMACIÓN: Todas as posibilidades de transformación do produto, e con isto toda a industria e postos de traballo creados.

- 2ª SESIÓN: COMERCIALIZACIÓN. Distribución e outros puntos de venda.

- 3ª SESIÓN: PRODUTOS DA PESCA. SAÍDAS PROFESIONAIS. Posta en valor, selos e marcas de calidade.

- TURISMO E DEPORTES NÁUTICOS (terceiro trimestre)

- 1ª SESIÓN: RECURSOS TURÍSTICOS VINCULADOS AO SECTOR DO MAR. PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL.

- 2ª SESIÓN: TIPOS DE TURISMO. Novos nichos de mercado. Pesca turismo, Turismo mariñeiro...

- 3ª SESIÓN: TURISMO ACTIVO E DEPORTES NÁUTICOS.



Grupos de
Acción
Local do sector
Pesqueiro



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)

RELEVO2

MOCIDADE ABORDO

NOTAS:

- En total plantéxanse 9 sesións do equipo docente que irá ás aulas.
- No inicio do programa darase a coñecer que son e que función desempeñan os GALP nos territorios.
- Cada unha das temáticas terá/poderá ter a visita dun profesional do sector pesqueiro ou entidade vinculada a él tamén nas aulas.
- De xeito que o centro educativo que queira/poida participar en todas tería un total de 18 sesións (máximo de 6 por trimestre).
- Fronte á non dispoñibilidade de tantas horas para a súa participación e si o centro así o prefiere, darase prioridade aos encontros e visitas nas aulas de personal do sector e entidades vinculadas a él.
- Aqueles centros educativos que queiran poderán realizar algunha visita fóra das súas instalacións para coñecer o traballo do sector (lonxa, fábrica, confraría, etc). Serán acompañados por persoal do equipo docente (quen coordinará coa entidade a visitar).
- Os desprazamentos precisos para estas saídas non se cubren dende o proxecto RELEVO2_Mocidade Abordo.